Exercicio de dereitos RXPD

Procedemento para o exercicio dos dereitos de protección dos seus datos fronte a ENAIRE.

Dereitos recoñecidos

O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos – Regulamento xeral de protección de datos (RXPD), contempla para as persoas físicas os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ao tratamento, portabilidade e oposición.

Os dereitos recoñecidos no RXPD son os seguintes:

Dereito de acceso

O dereito de acceso vén regulado no artigo 15 do RXPD como un dereito da persoa afectada a obter, do responsable do tratamento, confirmación de se se están tratando ou non datos persoais que lle concirnen. No caso de que o responsable do tratamento estea tratando datos da persoa, esta terá dereito a acceder a eles.

Este dereito é distinto do dereito de acceso dos interesados aos expedientes administrativos que regula a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como do dereito de acceso regulado na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Dereito de rectificación

O dereito de rectificación vén regulado no artigo 16 do RXPD como o dereito que ten a persoa afectada a solicitar do responsable do tratamento a rectificación dos seus datos cando sexan inexactos. Así mesmo, tendo en conta os fins para os que fosen tratados os datos, a persoa afectada terá dereito a que se completen os datos persoais cando estes resulten incompletos, en particular por medio da entrega dunha declaración.

Dereito de supresión

O dereito á supresión, dereito ao esquecemento, regulado no artigo 17 do RXPD, é o dereito a obter do responsable do tratamento a supresión dos datos persoais cando concorra algún dos supostos contemplados na normativa. Por exemplo, tratamento ilícito de datos ou cando desaparecese a finalidade que motivou o tratamento. Non obstante, regúlanse unha serie de excepcións nas que non procederá este dereito. Por exemplo, cando deba prevalecer o dereito á liberdade de expresión e información.

Dereito de oposición

O dereito de oposición vén regulado no artigo 21 do RXPD e é o dereito da persoa afectada a oporse, en calquera momento, por motivos relacionados coa súa situación particular, a que datos persoais que lle concirnan sexan obxecto dun tratamento.

Ante o exercicio do dereito de oposición, o responsable do tratamento deixará de tratar os datos persoais.
Porén, non é este un dereito absoluto da persoa afectada, polo que procederá, nalgúns supostos, realizar unha ponderación co fin de considerar se prevalece ou non o dereito da persoa afectada.

Dereito de portabilidade

O dereito á portabilidade, contemplado no artigo 20 do RXPD, é o dereito que permite á persoa afectada recibir os datos que proporcionou ao responsable e que o faculta a transmitilos a outro responsable do tratamento, sen impedimentos.

Dereito á limitación do tratamento

O dereito á limitación do tratamento dos datos persoais está regulado polo artigo 18 do RXPD como un dereito da persoa afectada que poderá solicitar ante o responsable do tratamento e que consiste na marcación dos datos de carácter persoal conservados co fin de limitar o seu tratamento no futuro. Trátase dunha medida preventiva que reduce o tratamento dos datos persoais á conservación.

Normativa

- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

A quen vai dirixido

O exercicio de dereitos poderá ser exercitado directamente pola persoa afectada ou polo seu representante legal.

Forma de iniciación

A pedimento do interesado.

Órgano que resolve o procedemento

Unidade Central de Protección de Datos de ENAIRE (UCPD)

Prazo máximo para resolver e notificar

1 mes a partir da recepción da solicitude.

Este prazo poderase prorrogar outros dous meses se fose necesario, en cuxo caso ENAIRE informará a persoa afectada de calquera desas prórrogas no prazo dun mes a partir da recepción da solicitude e con indicación dos motivos do atraso.

Efectos de falta de resolución no prazo

Non se aplica.

Recursos

En caso de denegación, poderase presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Requisitos para realizar a solicitude

A tramitación deste procedemento non require a achega de documentación específica, só a presentación do formulario de solicitude a través dos medios e lugares habilitados para facelo.

ENAIRE pon á súa disposición formularios específicos, de uso non obrigatorio, para o exercicio de cada un dos dereitos.

É conveniente que cubra adecuadamente a súa solicitude, incluíndo:

- Nome e apelidos do interesado e, se é o caso, da persoa que o represente, con acreditación desa representación conforme ao artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.
- Identificación do medio electrónico ou, no seu lugar, lugar físico en que quere que se practique a notificación. Adicionalmente, os interesados poderán indicar o seu enderezo electrónico e/ou dispositivo electrónico co fin de que as administracións públicas os avisen do envío ou posta a disposición da notificación.
- Feitos, razóns e petición en que se concrete, con toda claridade, a solicitude.
- Lugar e data.
- Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.
- Órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.

Presentación da solicitude

Presentación electrónica (persoas físicas e obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración —art. 14 Lei 39/2015), a través desta sede electrónica:

- Acceso mediante cl@ve

Presencialmente (só para persoas físicas).

Presentando a solicitude e a documentación asociada na Oficina de Atención en Materia de Rexistro de ENAIRE situada na Avda. de Aragón, 330 – Edificio B - 28022 Madrid

En calquera das demais dependencias contempladas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- Nos rexistros electrónicos e oficinas de asistencia en materia de rexistros de calquera órgano administrativo, que pertenza á Administración xeral do Estado, ás administracións das comunidades autónomas, ás entidades que integran a Administración local ou ao sector público institucional.
- Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.
- Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

- En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

Protección de datos

Responsable do tratamento: ENAIRE.
Finalidade: tramitar e xestionar a súa petición de dereitos en materia de protección de datos.
Lexitimación: o tratamento dos datos incluídos no presente formulario baséase na normativa de protección de datos.
Destinatarios: os datos non serán cedidos a terceiros agás obriga legal.
Dereitos: acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, ante a Unidade Central de Protección de Datos de ENAIRE (UCPD) - Avda. de Aragón 330 – Edificio B - 28022 MADRID (Madrid) ou a través da sede electrónica (sede.enaire.gob.es).
Información adicional: poderá consultar a información adicional no Anexo I – Información adicional – Protección de datos.

ANEXO - INFORMACIÓN ADICIONAL PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento

Identidade: ENAIRE – NIF: Q2822001J

Enderezo postal: Avda. de Aragón, 330 – Edificio B - 28022 Madrid

Teléfono: 913 21 02 11

Enderezo electrónico: info@enaire.es

Delegado de protección de datos (DPD): ucpd@enaire.es

Finalidade do tratamento

Finalidade: tramitación e xestión da súa solicitude de dereito en materia de protección de datos.

Prazos de conservación: os previstos pola lexislación aplicable con respecto á prescrición de responsabilidades.

Lexitimación

A base legal para o tratamento dos datos por parte de ENAIRE baséase na normativa de protección de datos (Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos — Regulamento xeral de protección de datos).

Destinatarios

non están previstas comunicacións a terceiros salvo obriga legal.

Dereitos

As persoas afectadas teñen dereito a:

- Obter confirmación sobre se ENAIRE está tratando os seus datos persoais.
- Acceder aos seus datos persoais, así como solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, se é o caso, solicitar a supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins para os que foron obtidos.
- Solicitar en determinadas circunstancias:
    - A limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso só serán conservados por ENAIRE para o exercicio ou a defensa de reclamacións.
    - A oposición ao tratamento dos seus datos, en cuxo caso, ENAIRE deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. Incluído o tratamento dos seus datos para decisións individuais automatizadas.

Os dereitos poderanse exercitar ante a Unidade Central de Protección de Datos de ENAIRE (UCPD) - Avda. de Aragón 330 – Edificio B - 28022 Madrid ou a través da sede electrónica (sede.enaire.gob.es).

Se no exercicio dos seus dereitos non foi debidamente atendido poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos – Enderezo: C/Jorge Juan, 6 - 28001 MADRID (Madrid) – Sede electrónica: sedeagpd.gob.es.